


PUNTO DE INTERCAMBIO DE LIBROS

Estará habilitado un PUNTO DE INTERCAMBIO DE LIBROS

- ✓ Podes deixar un libro teu e levar outro dos que estea dispoñible.
- ✓ Antes de deixar un libro, ponlle un adhesivo recordatorio da VI XORNADA DE CLUBS DE LECTURA na que participaches.
- ✓ Revisa se o libro que levas tamén ten o adhesivo.

Unha sociedade non é indiferente respecto dos libros que se len, nin do modo en que se fai. En certo sentido, darse á lectura é tamén entregarse a unha tarefa de transformación de un mesmo e do que en termos clásicos denominaríamos "a cidade".

Ángel Gabilondo



10.15 h.:

Gemma Lluch

Os criterios para seleccionar libros para os adolescentes.



Blogues dos clubs de lectura: **LER EN MANCOMÚN**

<http://lerenmancomun.blogspot.com>



LIBROS A EITO (banco de libros)

<http://librosaeito.blogspot.com>



Cando eliximos libros de lectura, que tipo de criterios empregamos para seleccionalos? Ás veces as eleccións teñen que ver coa temática ou os personaxes, cos libros que gustan aos meus familiares ou con aqueles que me gustaban cando era pequena. Pode que os criterios estean ocultos mesmo para quen propón a lectura. Diso imos falar: de como construímos criterios para seleccionar lectura, por que os utilizamos e, o máis importante, que criterios usamos.

Profesora Titular de Universidade do *Departament de Filologia Catalana de la Facultat de Filologia, Traducció i Comunicació de la Universitat de València*. Doutora en Filologia e Premio Extraordinario de Doutoramento da *Universitat de València*, imparte docencia no grao de *Filologia Catalana* e nos másteres oficiais: *Màster Oficial en Assessorament Lingüístic i Cultura Literària* e *Màster Oficial en Lectura e Comprensión de textos da Universitat de València*. Tamén colabora co *Máster de Promoción da Lectura e Literatura Infantil do Cepli-UCLM*. Forma parte da *Estrutura de Recerca Interdisciplinar ERI Lectura da Universitat de València*. As súas liñas de investigación son:

- Análise de narrativas paraliterarias e audiovisuais para adolescentes.
- Deseño, análise, avaliación e investigación de prácticas de lectura [na Web 2.0].
- Literatura infantil e xuvenil.

Últimas publicacións:

- ✓ Lluch, G. (2012): *Del oral, audiovisual y digital a la lectura (y la escritura) en secundaria*. Madrid: Fundación SM.
- ✓ Lluch, G. (2010): *Cómo seleccionar libros para niños y jóvenes. Los comités de valoración en las bibliotecas escolares y públicas*. Gijón: Editorial Trea.
- ✓ Lluch, G. (2010). «Las nuevas lecturas deslocalizadas de la escuela», dentro Lluch, G. (edt.). Enrique Gil Calvo, Jesús Martín Barbero, Roxana Morduchowicz, G A Arellano y Pedro Cerrillo, *Las lecturas de los jóvenes. Un nuevo lector para un nuevo siglo*. Barcelona: Editorial Anthropos, pp. 105-128.

Bibliotecas
escolares
de Galicia



"Podería dicirse que publicar un libro é poñelo no medio dunha conversa, que organizar unha editorial, unha librería, unha biblioteca, é organizar unha conversa. Unha conversa que nace, como debe ser, da tertulia local; pero que se abre, como debe ser, a todos os lugares e a todos os tempos"

Gabriel Zaid

12.00 h.: Mesa de experiencias
Participar nun club de lectura serve para adquirir competencias imprescindibles.

- ✓ Begoña Valdés. IES Ramón Otero Pedrayo (A Coruña)
- ✓ Julio Abalde. IES Ribeira do Louro (O Porriño, Pontevedra)
- ✓ Almudena Platero. IES Xesús Ferro Couselo (Ourense)
- ✓ Delio Chao. CPI Luís Díaz Moreno (Baralla, Lugo)

Esta mesa de experiencias está pensada para que cada unha das persoas que a compoñen faga unha reflexión sobre como pode contribuír o club de lectura á adquisición das denominadas competencias básicas, así como outras habilidades para moverse con seguridade no mundo académico, no mundo social e no mundo da información. Especialmente, farase referencia a estas competencias:

- comunicación lingüística (nos seus máis variados aspectos)
- aprender a aprender
- tratamento da información e competencia dixital
- competencia social e cidadá
- competencia cultural e artística
- autonomía e iniciativa persoal



13,15 h.: Xosé R. Lois
Lectura social. Redes sociais ao servizo da lectura.



O mundo da edición experimentou nos últimos tempos un cambio máis que notable da man das novas tecnoloxías. Un lector pode coñecer, ler, comentar, reseñar, descubrir e compartir ilimitadamente libros. Os autores poden ter un contacto moito máis cercano e directo cos seus lectores e coñecer as súas impresións e suxestións incluso no momento da creación. Moitos destes autores optan ademais por autopublicaren os seus textos logrando un control total sobre a súa obra. Editoriais e autores vense obrigados a aumentar os seus esforzos en marketing e comunicación para lograr dar visibilidade aos seus títulos. Aparecen novos formatos, canles de venda e soportes que, en ocasións, teñen pouco que ver coa idea tradicional de libro.

Xosé R. Lois fixo estudos en economía pola Universidade de Santiago de Compostela e o Curso Superior de Certificacións Internacionais de *Project Management da Universidade de Nebrija*. No campo laboral conta con experiencia emprendedora desde 1994. Intensa actividade de representación comercial nos últimos 10 anos para empresas do Grupo Telefónica, Grupo Recoletos e Grupo Vocento. No ámbito de internet conta con 18 anos de experiencia como internauta; é e foi responsable de numerosas iniciativas colaborativas empezando coas listas de correo de Onelist, actualmente Yahoogroups, ata a que desempeña na actualidade en *Redelibros*: <http://www.redelibros.com>

16,00h.: O club de lectura, ferramenta para a construción da sociedade lectora.

(Reunións por eixos temáticos e interese dos asistentes)

Sala Moderador/a	Tema	Contido
Sala 11 max. 50 persoas Ricardo de la Torre. IES Sanxenxo	Lectura social. Sociedade lectora	Actividades dos clubs que tenden a socializar a experiencia lectora, de forma máis ampla, ben mediante a colaboración con outros clubs de lectura, a creación e/ou aproveitamento de roteiros literarios, a colaboración con bibliotecas públicas e outras institucións para actos de lectura pública, etc.
Sala 2 Max. 50 persoas Joseph Ghamine. EOI de Lugo	Lusofonía e linguas nos clubs de lectura	Clubs que inclúen grupos que fan lecturas en portugués, inglés ou francés; achegamento ao mundo da Lusofonía; grupos específicos das Escolas Oficiais de Idiomas; grupos de lectura en linguas estranxeiras en centros plurilingües, etc. Inclúense aqueles clubs que realizan puntualmente algún tipo de actividade neste ámbito.
Auditorio Adelia Troncoso. IES Val do Tea	Lectura, valores, voluntariado cultural...	Lectura e valores cívicos, democráticos, de solidariedade, xustiza e dereitos humanos. Formación de alumnado como "voluntarios culturais": dinamización da biblioteca, fomento da lectura no centro, lectura en centros de maiores ou noutros centros educativos ou institucións culturais...
Sala 5 Max.70 persoas Anxos Paz. CPI O Progreso	Recursos dixitais e medios audiovisuais ao servizo da lectura (blogues, videoconferenci a, lectura dixital, radio, audiovisuais...)	Blogues de club de lectura; blogues dos lectores; modos de aproveitar a videoconferencia para suplir a falta de recursos ou contactar con autores de "difícil acceso"; actividades relacionadas coa formación do alumnado como espectadores e como produtores de pezas audiovisuais; a utilización do vídeo e a imaxe para documentar as actividades do club; a lectura dixital, o libro electrónico nos clubs de lectura, etc

17,45 h.: Marcos Calveiro
Ler, escribir, amar.



Un percorrido a través das bibliotecas e os libros que converten a un lector en escritor.

Obras literarias fronte catecismos

Unha viaxe de ida e volta: a lectura coma reescrita

Neto de feirantes taberneiros, vive en Vigo, onde desenvolve a súa actividade profesional como avogado. Deuse a coñecer como narrador coas novelas juvenís *Sari soñador de mares* (2006) e *Rinocerontes e quimeras* (2007). Premio Ala Delta de Literatura Infantil por *O carteiro de Bagdad* (2007), novela editada en galego e castelán, que logo se incluíría na lista *White Ravens* en 2008. Premio Barco de Vapor por *O canto dos peixes* (2008), Premio Lazarillo de Literatura Xuvenil 2009 e Premio Fervenzas Literarias ao Mellor libro Xuvenil, 2010 pola novela *O pintor do sombreiro de malvas* (Xerais 2010) e o Premio Merlín 2012 por *Palabras de auga* (Xerais 2012). En 2011 publicou *Lois Pereiro. Náufrago do paraíso* (Xerais 2011) e *Centauros do norte* (2011) polo que obtivo o Premio Raíña Lupa de LIX 2010.

Tamén é autor da tetraloxía *El samurai del rey* (2010-2011). A meirande parte da súa obra está traducida ao castelán e tamén ao catalán e euskera. En Xerais Narrativa leva publicadas dúas novelas: *Festina lenta* (2008) Premio da Crítica 2008 (narrativa), Premio Fervenzas Literarias ao Mellor Libro de Narrativa adultos, Autor do ano 2008 e Premio Irmandade do Libro ao Mellor Libro Galego do Ano 2009 e *Settecento* (2010). Como poeta publicou *Cartas do terceiro día* (2007), VIIº Premio de Poesía Concello de Carral. Mantén aberto o blog Alfaias <http://alfaias.blogaliza.org> e o perfil en twitter: twitter.com/calveiro